

## MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2017

1. Actividades celebradas no Centro de Interpretación Terras do Miño no ano 2017.
2. Actividades celebradas na Casa das Ínsuas de Rábade durante o ano 2017.
3. Desenvolvemento do Acordo de Custodia do Territorio nas Ínsuas do Miño e os Ollos de Begonte coa Asociación Galega de Custodia do Territorio.
4. Visitas aos centros educativos da provincia de Lugo coa exposición itinerante sobre as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.
5. Rolda de prensa do Clube Baloncesto Breogán o 08/02/2017 no Centro de Interpretación Terras do Miño, coa visita do seu adestrador e o Presidente.
6. Realización do cuestionario de Seguimento da Reserva da Biosfera Terras do Miño para o período 2015–2016, mediante o Sistema de Indicadores da Rede Española de Reservas da Biosfera.
7. Colaboración na execución do proxecto “Campaña de prevención e control das especies exóticas invasoras nas Reservas da Biosfera de Galicia” presentado polo CEIDA á Convocatoria 2016 da Fundación Biodiversidade.

8. Participación na mesa de turismo de Lugo o 15/02/2017 organizada pola Deputación de Lugo para a elaboración do Plan Estratéxico de Turismo da provincia de Lugo.
9. Celebración da VI Semana Escolar da Árbore e a Auga o día 24 de marzo de 2017.
10. Presentación de alegacións ao Anteproxecto da Lei de Patrimonio Natural de Galicia o 13/03/2017.
11. Aprobación e comezo de execución do proxecto LIFE IN COMMON LAND “Xestión en común da terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural en Zonas Especiais de Conservación”.
12. Colaboración no LVII Curso de Saúde Ambiental celebrado en Vilalba (Lugo), entre os días 20 e 23 marzo 2017.
13. Presentación do vídeo dos Campus de Emprendemento Sostible nas Reservas da Biosfera na reunión plenaria de EuroMaB celebrada o 04/04/2017 en Francia.
14. Celebración da xornada “A situación do eucalipto na Reserva da Biosfera Terras do Miño” o mércores 29/03/2017 no Salón de Actos da Deputación de Lugo.
15. Participación na Feira de Turismo do Eixo Atlántico celebrada en Vila Real (Portugal) do 14 ao 17 de xuño de 2017.
16. Colaboración co Curso de Verán da USC “As plantas medicinais no desenvolvemento sostible das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá” celebrado no

- Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) e na Estación Científica do 17 ao 20 de xullo de 2017.
17. Colaboración co Curso de Verán da USC “A ictiofauna doceacuícola como indicadora do estado ecolóxico segundo a Directiva europea Marco da Auga no contexto da Agrobioloxía” celebrado do 13 ao 15 de xuño de 2017 no Centro de Interpretación Terras do Miño de Lugo.
  18. Elaboración dos contidos do caderno de actividades da Reserva da Biosfera Terras do Miño para Educación Secundaria.
  19. Participación no grupo de traballo para a Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia, celebrado o día 18/07/2017 na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.
  20. Visita ao Centro de Interpretación Terras do Miño o 22/10/2017 de alumnos da asignatura de “Xestión de espazos naturais” dos Máster de Enxeñería Ambiental e Enxeñería de Montes da USC.
  21. Participación na Feira Internacional de Turismo Termal Termatalia celebrada en Ourense do 21 ao 22 de setembro 2017.
  22. Participación na 1ª Feira do Mel da Montaña celebrada os días 11 e 12 de novembro de 2017 en O Cadavo, concello de Baleira.
  23. Colaboración na redacción da Guía de Espazos Naturais do Eixo Atlántico, na que se inclúe información sobre a Reserva da Biosfera Terras do Miño.
  24. Organización do Ciclo Conferencias Luis Asorey en colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias e USC entre os días 13 e 22 de novembro de 2017 sobre “O cambio climático e o sector agrario en Galicia”.

25. Celebración do IV Concurso de Fotografía das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses co lema “Harmonía persoas e natureza”.
26. Visita de representantes da Reserva da Biosfera da Mata Atlántica de Brasil o 05/10/2017.
27. Reportaxe sobre a Reserva da Biosfera Terras do Miño no nº 69 da Revista Galega de Educación.
28. Celebración do IV Campus Emprendemento Sostible nas Reservas da Biosfera.
29. Publireportaxe sobre a Reserva da Biosfera Terras do Miño publicado en decembro de 2017 no diario La Voz de Galicia.
30. Presentación dos pósters “Campus de Emprendemento sostible nas RRBB”, “Acordo de Custodia do Territorio na Reserva da Biosfera Terras do Miño” e “Proxecto LIFE in common land” no II Congreso Español de Reservas da Biosfera celebrado na RB Ordesa–Viñamala do 18 ao 22 de setembro de 2017.
31. Celebración da 4ª Semana Escolar da Deputación do 27 de novembro ao 1 de decembro en centros de educación secundaria da provincia de Lugo e edición e distribución do libro "Humanidade e Patrimonio Natural Lucense", cun capítulo dedicado á Reserva da Biosfera.
32. Participación no Salón de Turismo de Montaña de Lérida no stand do Organismo Autónomo Parques Nacionales no Recinto Ferial de Lérida do 25 ao 26 de marzo de 2017.

33. Convenio da subvención excepcional outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación de Pescadores Ponte de Areas co obxecto de colaborar na limpeza do Coto de Quinte no ano 2017.
34. Convenio da subvención excepcional outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Centro de Interpretación Avifauna co obxecto de colaborar no apadrinamento da pita do monte e colaborar no financiamento dos gastos derivados do coidado destes animais criados nas súas instalacións durante o ano 2017.
35. Colaboración coa Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo para axudar a sufragar os gastos do coidado dos animais acollidos nas súas instalacións.
36. Colaboración coa asociación Animals Help para axudar a sufragar os gastos do coidado dos animais acollidos nas súas instalacións do refuxio de Xermade.
37. Colaboración no “Máster Oficial en Dirección de Actividades Educativas en la Naturaleza” 2017–2018.
38. Colaboración no Congreso de Medicina e Rehabilitación de Fauna Salvaxe celebrado no Auditorio da Facultade de Veterinaria os días 11 e 12 de marzo de 2017.